

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE TÉCNICA CORPORAL I**  
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**  
**TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)**

<b>1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>										
<b>DISCIPLINA: TÉCNICA CORPORAL I</b>										
ESPECIALIDADE	Interpretación					ITINERARIO		CANTO		
CARÁCTER	Obrigatoria					TIPO DE CLASE		COLECTIVA		
DEPARTAMENTO	CANTO					XEFE DE DPTO.		Lorenzo de los Santos Gago		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		Aida Cruz Estévez	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII I	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	1,5								1 hora	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	Aida Cruz Estévez					aidacruzestevez@gmail.com		Xoves de 13:30 a 14:30		

<b>2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS</b>	
DESCRIPTOR:	Adestramento do corpo para a interpretación vocal e/ou actoral, desenvolvendo hábitos beneficiosos e necesarios para o coidado do aparato fonador e o desenvolvemento da actividade artística.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Técnica Corporal é unha disciplina propia da especialidade de Interpretación/Canto, que ten como obxectivo desenvolver as técnicas de movemento e as capacidades expresivas do propio corpo.  A disciplina Técnica corporal deberá capacitar ao alumnado para dominar completamente as técnicas de interpretación no repertorio lírico, explotando as calidades expresivas corporais e a capacidade de interpretación na escena, así como coñecer e empregar axeitadamente os elementos do movemento corporal: espazo, tempo e enerxía. Así pois, ten relación directa coas disciplinas de Repertorio nos diferentes cursos, ademais de servir de preparación para a disciplina de Escena lírica, do terceiro e cuarto curso.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X8, X9, X18, X21, X24, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI4, EI10
*Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

<b>3. OBXECTIVOS</b>	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Preparación do corpo para a interpretación vocal e/ou actoral, desenvolvendo hábitos beneficiosos e necesarios para o coidado do aparello fonador e o desenrolo da actividade artística.	T2, T3, T13, X8, X21, X24, X26,

	EI2, EI4, EI10
Coñecer e preparar o corpo como ferramenta de traballo actoral.	T2, T3, T13, X8, X9, X21, X24, X26, EI4, EI10.
Distinguir os elementos corporais que interveñen nos procesos creativos, potenciando as capacidades expresivas e comunicativas.	T2, T6, T13, X8, X9, X18, X21, X24, X26, EI10.
Afondar na expresión corporal desde un punto de vista analítico e creativo.	T2, T6, T13, X8, X18, X21, X24, X26, EI2, EI10.

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1- Elementos do movemento corporal.	-Habilidades Motrices: Patróns posturais, esquema corporal, imaxe corporal, espazo corporal, coordinación das partes do corpo. -Elementos do movemento: Tempo (Movemento estático e Dinámico, Duración), Espazo (Usos do Espazo), Enerxía (Plasticidade) -Calidades do movemento	3
2- Expresión corporal	-O corpo como instrumento comunicativo, a través do xogo, a imitación, a experimentación e a imaxinación. -Xesto e movemento expresivo.	3
3- Técnicas corporais no Canto	- A respiración e a relaxación. Exercicios e técnicas. - Anatomía e Fisioloxía aplicada ao Canto. Exercicios aplicados. - Hixiene Vocal	4
4- Técnicas actorais	- Uso expresivo da voz e da linguaxe. Articulación e Dicción. - Caracterización, construción de personaxes e identidades, sensacións e reaccións. - Exercicios e técnicas para optimizar a creatividade e a expresividade en relación coa interpretación escénica.	5
5- Metodoloxía de traballo autónomo	-Hábitos de estudo: Desenvolvemento das técnicas corporais e aplicación das mesmas como recursos expresivos e comunicativos.	1
*Todos os contidos refléxanse temporalizados cun número de sesións, aínda que, polo seu carácter transversal, na práctica serán traballados ao longo de tódalas sesión.		16
TOTAL SESIÓNS:		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS

Clases Prácticas (As clases serán colectivas e de carácter eminentemente práctico. A metodoloxía será activa, temática e de exploración persoal)	16		16
Tutorías (atención particular aos alumnos/as)	0	1	1
Actividades complementarias (asistencia a seminarios, talleres ou xornadas relacionadas coa disciplina), propostas pola profesora ou polo Departamento.	0	4	4
Traballo Persoal (Tempo de estudo e práctica individual do/a alumno/a)	0	24	24
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>45</b>

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
-Exame final, en audición pública.	1) Demostrar o coñecemento das técnicas corporais, actorais e do movemento na interpretación pública do repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica.	Todas	20%
Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor)	1) Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. 2) Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. 3) Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos técnicos e actividades que se traballarán nas sucesivas clases. 4) Demostrar habilidades motrices e control corporal durante a interpretación de obras e exercicios propostos. 5) Demostrar capacidade de metamorfose á hora de realizar unha interpretación e/ou exercicios. 6) Demostrar presenza e escénica e destreza comunicativa tanto na interpretación de obras como na realización dos exercicios propostos. 7) Mostrar autonomía e creatividade na construción de personaxes e identidades.	Todas	80%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
-Exame final, en audición pública.	1) Demostrar o coñecemento das técnicas corporais, actorais e do movemento na interpretación pública do repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica. 2) Demostrar destreza comunicativa, control corporal e interiorización na interpretación de personaxes e identidades do repertorio.	Todas	100%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b> (A superación de 3 faltas de asistencia a clase implicará a perda de avaliación continua, tendo que someterse o alumno/a ao procedemento de avaliación alternativa).			
-Exame escrito final.	1) Demostrar coñecemento dos elementos corporais que interveñen nos procesos creativos e as actividades derivadas da súa práctica. 2) Demostrar coñecemento dos elementos do movemento e expresión corporal e as actividades derivadas da súa práctica. 3) Demostrar o coñecemento das técnicas corporais aplicadas no Canto e as actividades derivadas da súa práctica.	Todas	60%

	<p>4) Amosar o coñecemento das técnicas actorais aplicadas á interpretación escénica e as actividades derivadas da súa práctica.</p> <p>5) Demostrar coñecemento das implicacións escénicas que conleva a interpretación vocal e ser quen de desenvolver as súas aplicacións prácticas.</p>		
-Presentación e defensa dun traballo	<p>-Demostrar o coñecemento das técnicas corporais, actorais e do movemento.</p> <p>*Este traballo será previamente consensuado coa profesora da disciplina, e versará sobre un ou varios temas da programación (consultar o Apdo. 4-Contidos)</p>	Todas	40%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
-Exame escrito final.	<p>1) Demostrar coñecemento dos elementos corporais que interveñen nos procesos creativos e as actividades derivadas da súa práctica.</p> <p>2) Demostrar coñecemento dos elementos do movemento e expresión corporal e as actividades derivadas da súa práctica.</p> <p>3) Demostrar o coñecemento das técnicas corporais aplicadas no Canto e as actividades derivadas da súa práctica.</p> <p>4) Amosar o coñecemento das técnicas actorais aplicadas á interpretación escénica e as actividades derivadas da súa práctica.</p> <p>5) Demostrar coñecemento das implicacións escénicas que conleva a interpretación vocal e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.</p>	Todas	60%
-Presentación e defensa dun traballo.	<p>-Demostrar o coñecemento das técnicas corporais, actorais e do movemento.</p> <p>*Este traballo será previamente consensuado coa profesora da disciplina, e versará sobre un ou varios temas da programación (consultar o Apdo. 4-Contidos)</p>	Todas	40%

*Para a poder optar á Matrícula de Honra, o alumnado deberá obter cunha cualificación de sobresaite na disciplina. O/a profesor/a da do/a alumno/a comunicará ao departamento ao do final da semana dos exames. Os/as alumnos/as deberán realizar unha proba deseñada polo departamento a tal fin, cunha convocatoria específica para o mesmo, e que non excederá na súa totalidade dos 30 minutos de duración.*

<b>7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS</b>	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asemade terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

No presente curso académico non hai alumnado da especialidade que precise pautas por necesidades educativas especiais.

#### 8. BIBLIOGRAFÍA

##### BIBLIOGRAFÍA

- Arteaga, M. – Viciano, V. – Conde, J.: “Desarrollo de la expresividad corporal”. Editorial INDE. Barcelona. 1999.
- Calais-Germain, B. – Germain, F.: “Anatomía para la voz. Entender y mejorar la dinámica del aparato vocal”. La Fiebre de Marzo. Barcelona. 2014
- Chun-Tao, Cheng: “El Tao de la Voz”. Gaia Ediciones. Madrid. 1993.
- García Martínez, R.: “La Técnica Alexander en la música”. Rivera Editores. Valencia. 2011.
- Padrini, F.: “El lenguaje secreto del cuerpo”. De Vecchi. Barcelona. 1995.
- Perelló, J.- Caballé, M.- Guitart, E.: “Canto-Dicción. Foniatria Estética”. Edit. Científico Médica. Barcelona. 1982.
- Schinca, M.: “Expresión Corporal. Técnica y Expresión del movimiento” Ed. Praxis. Madrid. 2002.